



40 años meta

carreiras

CIRCUITO DE CARREIRAS POPULARES

AROUSA NORTE

RIVEIRA · A POBRA DO CARAMIÑAL · RIANXO · BOIRO



XIX CARREIRA POPULAR
SANTA UXÍA
CONCELLO DE
RIVEIRA

25 SETEMBRO 2016



VIII CARREIRA POPULAR
CONCELLO DE
A POBRA DO CARAMIÑAL
II MEMORIAL "JESÚS M. HUERTA"

8 OUTUBRO 2016



IV CARREIRA POPULAR
T O F F E
CONCELLO DE
RIANXO

1 NOVEMBRO 2016



XII CARREIRA POPULAR
MAR DE BOIRO
CONCELLO DE
BOIRO
X MEMORIAL "PEPE BUCETA"

4 DECEMBRO 2016

BASES DE PARTICIPACIÓN



1. presentación

O **Circuíto de Carreiras Populares Arousa Norte "4Carreiras... 1Meta"** é un programa anual de carreiras populares, que ten por obxectivo fomentar a práctica de actividade física e deportiva como medio para alcanzar unha vida máis saudable.

Dito circuíto está promovido e organizado polos concellos que forman parte da Mancomunidade Arousa Norte: Boiro, Rianxo, A Pobra do Caramiñal e Riveira.

Nesta competición poden participar todas aquelas persoas que o desexen, tanto nenos/as como adultos, sexan federados/as ou non.

As posibilidades de participación son dúas:

> **Corredores de carreiras:** son aqueles deportistas (adultos e menores de idade) que se inscriben nunha ou en varias das probas das que se compón o circuíto pero que non participan na competición do circuíto. Deberán facer unha inscrición por cada unha das probas nas que desexen participar.

> **Corredores de circuíto:** son deportistas (adultos) que se inscriben co obxectivo de completar as catro probas do circuíto. Estes atletas entran na clasificación particular das probas nas que participan e tamén na clasificación xeral do circuíto. Deberán facer unha única inscrición e correr obrigatoriamente con chip e dorsal facilitado para as catro carreiras que compoñen o circuíto.



2. probas

O circuito estará composto por un total de 4 probas. Comezará o día 28 de agosto de 2016 coa VIII Carreira Popular "Concello da Pobra do Caramiñal, e rematará o 4 de decembro de 2016 coa XII Carreira Popular "Mar de Boiro":

1. A Pobra do Caramiñal, 28/08/2016:
VIII CARREIRA POPULAR CONCELLO DA POBRA
2. Riveira, 08/10/2016:
XIX CARREIRA POPULAR SANTA UXÍA
3. Rianxo, 01/11/2016:
IV CARREIRA POPULAR -CONCELLO DE RIANXO
4. Boiro, 04/12/2016:
XII CARREIRA POPULAR "MAR DE BOIRO"

Os horarios das carreiras das distintas categorías serán establecidos polo concello organizador e poderán ser consultados nas páxinas www.arousa-norte.es, emesports.es así coma nas diferentes páxinas web dos concellos.



3. categorías, distancias e horarios

Competirán no circuíto as persoas das seguintes categorías consideradas ABSOLUTA:

Categorías de base:

Benxamín (nados en 2007-2008)

Alevín (nados en 2005-2006)

Infantil (nados en 2003-2004)

Cadete (nados en 2001-2002)

Xuvenil (nados en 1999-2000)

Categorías absolutas:

Júnior (nados en 2007-2008)

Promesa (nados en 1994-1996)

Sénior (nados en 1982-1993)

Veterano 1 (nados en 1977-1981)

Veterano 2 (nados en 1967-1976)

Veterano 3 (nados en 1957-1966)

Veterano 4 (nados en 1956 e anteriores)

As distancias, horarios e restantes categorías de participación nas carreiras deben ser consultadas nos regulamentos de cada carreira.



4. percorrido

Consultar os percorridos establecidos pola organización para cada unha das probas.

5. normativa xeral e de seguridade

1. Todas as probas incluídas no programa do circuíto de carreiras populares Circuíto de Carreiras Populares Arousa Norte "4Carreiras... 1Meta" rexeranse pola regulamentación de Seguridade Vial do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia, que establece os requisitos esixidos para a celebración de probas deportivas na vía urbana (Real Decreto 1428/2003 do 21 de novembro, publicado no BOE nº 306 do 23 de decembro de 2003 sobre a ocupación da vía pública; e o Real Decreto 849/1993 do 4 de xuño de 2003, sobre a contratación do seguro de responsabilidade civil e de accidentes).
2. Cada proba estará subscrita ao seguro de responsabilidade civil e ao seguro de accidentes que terá as coberturas mínimas esixidas no Real Decreto 849/1993, subscritos ambos pola Federación Galega de Atletismo.
3. Así mesmo todas as probas contarán cun servizo médico-sanitario, que constará dunha ambulancia e un médico para aquelas probas que non superen os 750 participantes.
4. A organización da proba resérvase o dereito a modificar horarios e ou percorridos, así como aprazar ou suspender a carreira se así o estima oportuno por razóns de seguridade.
5. No caso de que para o día de celebración da proba se decrete unha alerta laranxa a proba será suspendida automaticamente. Buscarase unha data adecuada para desenvolve-la e non se devolverán os cartos da inscrición.
6. Os atletas que durante o transcurso da proba, circulen por fóra do espazo delimitado polos vehículos de sinalización de inicio e fin de carreira, considéranse a todos os efectos usuarios normais da vía.
7. Toda persoa que corra sen estar inscrita, farao baixo a súa responsabilidade e non poderá participar de trofeos nin obsequios. Tampouco estará amparada polos seguros da proba.
8. Poderanse efectuar reclamacións ante o Xuíz Árbitro da proba. A participación é libre e leva implícito a aceptación do Regulamento Xeral da proba. Todo o non previsto neste regulamento resolverase de acordo, por esta orde, as normas da FGA, RFEA e IAAF en vigor.



9. A organización porá a disposición dos participantes na carreira unha instalación para que se poidan cambiar e duchar, así como un servizo de garda roupa.

10. Os únicos vehículos que poderán seguir a proba, serán os autorizados pola organización.

11. Descualificacións:

- O Xuíz-Árbitro da competición está facultado para retirar durante a proba a calquera atleta que manifeste un mal estado físico por indicación do servizo médico.
- Todo atleta que non realice o percorrido completo.
- O atleta que manifeste un comportamento non deportivo ou se reitere en protestas ante a organización



6. dereitos de imaxe, uso de datos e autorizacións

Os deportistas inscritos comprométese a aceptar estritamente o presente regulamento e calquera posible modificación.

A solicitude de inscrición para os deportistas menores de idade deberá ir acompañada dunha autorización paterna segundo o modelo establecido pola organización. Dito modelo poderase descargar da páxina web de cada concello organizador así coma da páxina **www.arousa-norte.es**

A realización da inscrición implica ter lido, entendido e adquirido os compromisos que a continuación se expoñen:

- > O atleta inscrito declara que está en bo estado físico e ten pasado os pertinentes recoñecementos de saúde.
- > Calquera atleta con problemas médicos (alergia, atencións especiais,...) deberá facelo constar no reverso do dorsal da proba.
- > O atleta inscrito autoriza e acepta a publicación do seu nome e apelidos e a súa imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e internet,(...) para a promoción do deporte.

7. sistema de cronometraxe, chip e recollida de dorsais

- Para controlar as probas estableceranse controis de cronometraxe por chip.
- Será obrigatorio o uso de chip para todas as categorías absolutas (facilitado pola organización).
- Será obrigatorio o uso de dorsal para todas as categorías absolutas (facilitado pola organización).
- O atleta que non porte o chip non poderá entrar na clasificación da proba nin lle computará na clasificación do circuito.
- O atleta que non porte dorsal poderá ser descalificado se así o estima a dirección de carreira.
- O horario de apertura das mesas de recollida de dorsais e chips fixarao cada concello organizador.
- Os corredores de circuito deberán usar obrigatoriamente o chip e o dorsal e o distintivo que lle será outorgado pola organización para as catro carreiras que compoñen o circuito. Do mesmo xeito empregarán un único dorsal para todas as probas do circuito.
 - Tanto o dorsal coma o chip para os corredores do circuito recollerase na primeira proba do circuito (VIII Carreira Popular Concello da Pobra) no lugar habilitado para tal efecto.
 - No caso da perda do chip o atleta deberá poñerse en contacto coa organización.
- Os corredores de carreira e os corredores de categorías inferiores usarán o "chip de carreira", que deberán devolver á organización ao remate da mesma.
 - Estes corredores deberán recoller o seu dorsal e chip antes da carreira no lugar habilitado para tal efecto.
- Os chips e dorsais son persoais e intransferibles polo que a suplantación da personalidade dos atletas, sancionarase coa expulsión do circuito do portador e do/a atleta suplantado, anulando todos os dereitos adquiridos coa inscrición no circuito.

8. inscricións

As inscricións para os atletas de categorías absolutas (júnior, promesa, senior e veteranos) realizaranse a través da plataforma de inscrición á que se pode acceder dende **www.arousa-norte.es**, **emesports.es** así coma nas diferentes páxinas web dos concellos

As inscricións para os atletas menores de idade poderá realizarse a través da plataforma de inscrición **emesports.es**. Así mesmo deberán achegar a autorización da nai/pai/titor ou titora legal no momento de realizar a inscrición.

Existen dous tipos de inscricións:

> CORREDORES DE CIRCUÍTO:

- Son os atletas que participan no Circuito de Carreiras Populares Arousa Norte "4Carreiras... 1Meta", que deberán especificalo no momento de realizar a inscrición.
- Teñen que asistir ás catro probas que conforman o circuito.
- Deben usar obrigatoriamente un chip e dorsal único para todo o circuito co distintivo do circuito
- Realizarán a inscrición e o pago unha única vez.
- As inscricións para os corredores de circuito pecharanse antes da celebración da primeira proba puntuable.
- O **prazo de inscrición** remata 3 días antes da primeira das probas (25 de agosto de 2016)

> CORREDORES DE CARREIRA:

- Son atletas que só participan de maneira puntual nalgunha das probas do circuito.
- Non participan na Circuito de Carreiras Populares Arousa Norte "4Carreiras... 1Meta".
- Deberán realizar a inscrición para aquelas probas nas que queiran participar, tal e como se indica no regulamento de cada carreira.



- Deberán correr cun chip que se lles facilitará no momento da recollida do dorsal e que deberán devolver ao remate da proba.

Cotas de inscrición:

- A inscrición para os atletas de categorías absolutas (júnior, promesa, sénior e veteranos) para unha proba determinada terá un custo de 6 € por carreira
- A inscrición para os atletas categorías absolutas (júnior, promesa, sénior e veteranos) para o circuíto terá un custo de 20 € (pago conxunto das 4 carreiras).

Inscricións de Categoría Base:

A inscrición para os atletas de categorías de base serán gratuítas.

As inscricións para os atletas benxamín, alevín, infantil, cadete e xuvenil poderán realizarse a través de:

- 1) Plataforma de inscrición. A autorización paterna deberá imprimirse e ser presentada debidamente cuberta e asinada á hora de recoller os dorsais.

Dita autorización poderá ser descargada nas webs **www.arousa-norte.es**, **emesports.es**, así coma nas diferentes páxinas web dos concellos

- 2) Presentando a autorización paterna asinada no Departamento de Deportes do Concello organizador.

Prazos de inscrición

O remate do prazo de inscrición para cada carreira será fixado polo concello organizador e non se aceptará ningunha inscrición unha vez rematado dito prazo.

O prazo de inscrición no Circuíto remata 3 días antes da primeira das probas (25 de agosto de 2016).

9. clasificación e premios

Clasificacións do Circuito de Carreiras Populares Arousa Norte "4Carreiras... 1Meta":

- Para poder optar a esta clasificación os atletas deben inscribirse no Circuito de Carreiras Populares Arousa Norte "4Carreiras... 1Meta" . Os atletas que participen en todas as probas pero non se inscriban no circuito non optan a esta clasificación.
- Os atletas participantes no circuito deberán completar as catro probas para poder optar aos premios.
- Optan aos premios do circuito os atletas das categorías absolutas (júnior, promesa, sénior e veteranos), distinguindo entre categoría masculina e feminina.
- A puntuación acadada irá en función do posto obtido en cada unha das probas (1º posto=1 punto / 2º posto=2 puntos / 3º posto=3 puntos...), de xeito que o/a atleta con menor suma de puntos, será o/a vencedor/a en cada unha das categorías.
- Establécense os seguintes premios, para os primeiros clasificados masculino e feminino respectivamente:
 - 1º clasificado/a:** Un bono de 300,00 euros en material deportivo e un bono de 2 noites de turismo rural en Arousa Norte.
 - 2º clasificado/a:** Un bono de 150,00 euros en material deportivo e un bono dunha noite de turismo rural en Arousa Norte.
 - 3º clasificado/a:** Un bono de 75,00 euros en material deportivo e un bono dunha noite de turismo rural en Arousa Norte.

Agasallos de participación:

- Recibirán un agasallo consistente nunha mochila-saco de tea co logotipo do circuito todos/as os/as corredores/as, xunto co agasallo que decida entregar cada concello.



Premios especiais:

- Recibirá un premio especial consistente nun bono de 300€ en material deportivo, o club deportivo do que participe o maior número de corredores das categorías de base.
- Recibirá un premio especial consistente nun bono de 300€ en material deportivo, o colexio do que participe o maior número de corredores das categorías de base.

Para optar ao premios de colexios e clubs nas categorías inferiores é preciso que nas inscricións individuais se especifique o colectivo de orixe. É dicir, se non están inscritos indicando esta procedencia, a inscrición non se terá en conta para optar a estes premios.

Entrega de trofeos aos campións de circuíto:

Unha vez rematadas as probas do Circuíto de Carreiras Populares Arousa Norte "4Carreiras... 1Meta" organizarase un acto de entrega de agasallos e premios a todos/as os/as atletas campións, así como un acto de entrega dos premios especiais.

O lugar e data no que terá lugar dito acto de entrega será comunicado coa suficiente antelación.



Organizan:

- Concello de A Pobra do Caramiñal
- Concello de Riveira
- Concello de Rianxo
- Concello de Boiro
- Mancomunidade de Municipios Arousa Norte
- Asociación de Atletismo e Deportes do Barbanza
- Club Atletismo Rianxo



galicia

Arousa Norte
Mancomunidade de Municipios

